



CERTIFICACIÓN

Don/Dona

Secretario/a da Federación Galega de

CERTIFICA:

Que na páxina web da Federación Galega de existe un apartado denominado "Transparencia" onde consta, polo menos, a seguinte información:

1. Información institucional, organizativa e de planificación:

- a) Funcións: as federacións deportivas galegas son entidades privadas sen ánimo de lucro que, xunto as funcións que lle son propias polo seu ámbito de actuación privada, exercen por delegación funcións públicas delegadas (artigo 51.4 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia). As funcións ás que se deberá dar publicidade son as que se especifican no artigo 56 da Lei do deporte de Galicia, e recollidas tamén nos respectivos estatutos federativos.
- b) Normativa aplicable:
 - Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, ou norma que a substitúa.
 - Decreto 85/2014, do 3 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, ou norma que a substitúa.
 - Orde do 8 de setembro de 2010 pola que se establecen os criterios para a elaboración de regulamentos e a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas, ou norma que a substitúa.
 - Resolución do 8 de setembro de 2009, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se ditan as normas de bo goberno das federacións deportivas de Galicia, ou ou norma que a substitúa.
 - Resto de normativa aplicable ás federacións deportivas que se aprobe, así como a propia de cada entidade (estatutos, regulamentos, etc.).
- c) Estructura organizativa: organigrama actualizado que identifique aos responsables dos distintos órganos federativos, así como o perfil e traxectoria profesional (currículo profesional) dos integrantes destes.

2. Información económica orzamentaria e estatística:

- a) Relación de contratos suscritos cunha Administración pública con indicación de: obxecto e duración; importe de licitación e adxudicación; procedemento de celebración; se é o caso, instrumentos a través dos cales se publicitou; número de licitadores no procedemento; identidade do adxudicatario; se é o caso, modificacións do contrato, decisións de desestamento e renuncia dos contratos; e, finalmente, porcentaxe total do contrato sobre o orzamento total da federación.
Se os contratos tivesen unha duración inferior a un ano e os seus importes fosen inferiores a 50.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 18.000 euros cando se trate doutros contratos, a información poderá cubrirse trimestralmente.
- b) Relación de convenios suscritos cunha Administración pública, indicándose: partes asinantes, obxecto e duración, modificacións realizadas, partes obrigadas á realización das prestacións e, se é o caso, obrigas económicas convidas.
Neste punto informarase tamén das subcontratacións que se realicen con mención dos adxudicatarios, procedemento seguido para a adxudicación e importe desta.
- c) Subvencións e axudas concedidas pola entidade ou recibidas dunha Administración pública, con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade, e beneficiarios.
- d) Orzamentos federativos, con descrición das principais partidas e información actualizada e comprensible sobre o seu estado de execución.
- e) Contas anuais aprobadas pola Asemblea, informes de auditoría de contas, e informes de fiscalización complementarios que existan.
- f) Retribucións anuais (soldos e dietas) dos máximos responsables federativos: presidente/a, secretario/a, xerente, tesoureiro/a, director/a técnico/a e demais membros dos órganos da federación que perciban retribucións. Igualmente, faranse públicas as indemnizacións percibidas, se é o caso, con ocasión do abandono do cargo.

E para que conste, expido o presente certificado,

Lugar e data

, de de

O/a secretario/a

O/a presidente/a